

Traballo de sociais

Feito por David Lestón Iglesias de 4ºA

Muros, xuño 2009

Denominación: Hórreo de millo de Torea

Tipoloxía: A estrutura da que vou a falar neste traballo é un hórreo. Un hórreo é unha construción de madeira ou de pedra coma neste caso, aislada, de forma rectangular ou cadrada sostida por columnas chamadas pés, característica do Noroeste da Península Ibérica, donde se utiliza para gardar o millo, as patacas, e outros produtos agrícolas.

Localización: Este hórreo localízase no lugar de Cornes que pertence a parroquia de Torea, situada no municipio de Muros. Para chegar a él pódese ir todo o camiño en coche agás o tramo final que será necesario ir a pé debido as condicións do camiño polo que se chega. Unha vez na parroquia de Torea debes de localizar o lugar de Cornes. Cando se chega ao lugar hai que coller a dereita por unha costa abaixo, séguese o camiño todo dereito ata chegar a unha pequena fonte de pedra, unha vez alí xiras a esquerda por unha pequena costa, logo segues todo dereito e xa chegas ao lugar de ubicación do hórreo.

Cronoloxía: Aínda que a estrutura xa ten varios anos pódese apreciar a data de 1948 nunha das súas pedras tallada a man.

Autores: Os seus autores eran canteiros da época, algúns pertencentes a miña familia coma meu bisavó e outros eran veciños que lle botaban unha man a cambio dun xornal.

Estilo: O seu estilo non é Románico nin Gótico. Polo xeral é unha estrutura bastante sinxela e curiosa ao mesmo tempo.

Descrición: Esta estrutura está construída unicamente de pedra, algo que a fai diferente das demais, debido a que nas demais o tellado soe ser de tella do país soportadas por vigas de madeira e en cambio este hórreo ten o tellado cuberto de catro pranchas de pedra, dúas por cada auga. O seu ancho é de un metro e cincuenta e sete centímetros, o seu alto de un metro e noventa e catro centímetros e o seu largo é de cinco metros. Esta construción esta elevada do chan mediante seis pés (tres por cada lado) de 103 Cm de alto exactamente. Xusto enriba dos pés están unhas pezas de pedra de forma redonda chamadas capas. Podemos dicir que os pés e as capas son as pezas que soportan todo o peso da estrutura e polo tanto son as súas bases. Os pés e as capas están apoiadas no chan de forma que todas están a mesma distancia entre si tanto ao ancho coma ao largo. A estrutura ten forma rectangular, e está composta dunhas pezas de pedra alargadas chamadas pontes que coinciden entre si e compoñen o armazón do hórreo. Estas pezas coinciden de maneira en que deixan uns espazos entre elas denominados ventos. Estes teñen a finalidade de que o aire de fóra entre por eles permitindo así que os produtos que se atopan normalmente dentro del poidan curar. Os hórreos tamén teñen unhas pezas que o atravesan dun lado a outro para soportar as pedras do tellado ademais doutras pranchas de pedra que levan por

encima das pontes tamén coa finalidade de soportar o teito. Seguramente as pezas máis curiosas e representativas dos hórreos son os chuzos que son unhas pezas que teñen forma de espada e están apoiadas enriba dunha pequena base de forma cadrada apoiada no tellado do horreo. No medio do hórreo atópase a porta que está feita de madeira e composta dunha antiga cerradura de metal. Este hórreo tamén ten tallado a man nunha das súas pedras un símbolo característico. Este símbolo é unha estrela de seis puntas suxeitada de coma se fosen dous cordeis, (un por cada lado da estrela). Eu penso que a finalidade deste símbolo só é adornar. Este símbolo atópase xusto enriba do ano no que foi construído o horreo.

Conservación: actualmente este hórreo é utilizado pola miña familia para gardar o millo. Aínda que algunha vez tamén se pon a curar o touciño. Por debaixo do armazón do hórreo témoslle postas unhas pranchas de madeiras suxeitadas entre as capas e as pontes donde tamén aproveitamos para gardar o millo. O estado da construción é bo debido a súa continua utilización.

Curiosidades: Para subir ao hórreo temos unha pedra cun bloque por encima debido a que a súa altura non permite subir facilmente. Ademais este hórreo está construído nun lugar alto e despexado donde lle da moito o vento co obxectivo da curación dos produtos.

Exemplo das diferentes pezas dun hórreo parecido:



TELLADO DE TELLA DO PAÍS OU DE PEDRA

CRUCEIRO OU ESPADA

PONTE

CAPA

PÉ

Exemplos de hórreos:















